

VOCABULARIO

Historia da Arte

[2023-24]




SUZANNE VALADON. A habitación azul

ÁBSIDA


Do latín *absis*, bóveda. É a **cabeceira da nave central dunha igrexa**. Normalmente é semicircular e a cuberta é abovedada. No Románico e Gótico é un elemento característico.

Representa unha das partes fundamentais da igrexa onde se sitúa o altar maior ou a xirola no caso das igrexas de peregrinación. Pódense completar, para aumentar a súa funcionalidade con absidiolos. Exemplo: catedral de Santiago de Compostela, abside semicircular, con xirola e cinco absidiolos.



ALTORRELEVO

Tipoloxía escultórica. As obras escultóricas poden ser: obra de vulto redondo ou relevo. Os relevos son esculturas que se realizan sobre unha superficie. Existen tres tipos de relevos según o volume que acaden: *baixorrelevo* cando sobresaia do fondo menos da metade do vulto, *mediorrelevo* cando sobresaia a metade *altorrelevo* cando sobresaia do fondo máis da metade do vulto. O altorrelevo case é unha escultura de vulto redondo. Un exemplo de altorrelevo é o grupo escultórico da Tríada de Mikerinos, arte exipcia.



APARELLO

O aparello o é como se designa ás diferentes formas de dispoñer os materiais construtivos no muro, case sempre sillares de pedra e de ladrillo.

➤ ALMOFADADO (ALMOHADILLADO)

No almofadado o a sillería está construída a base de **sillares labrados de xeito que as xuntas están afundidas e biseladas**. Un exemplo de almofadado atopámolo na *Porta dos Abades* da Catedral de Santiago de Compostela ou no *Pazo de Carlos V* na Alhambra de Granada (Renacemento)



➤ CACHOTERÍA (MAMPOSTERÍA) O aparello está feito de **cachotes de pedras irregulares** sen labrar ou pouco labradas, colocados sen orde de filas nin de tamaños e unidos con argamasa. Hai moitas variantes. A arte asturiana (prerrománica) destaca polo uso da cachotería nos seus edificios.

APARELLO DE CACHOTERÍA: obra con pedras non labradas ou pouco labradas, colocadas sen orde de ringleiras ou tamaños.



APARELLO DE CANTARÍA: cando a obra presenta pedras ben labradas e ordenadas.




➤ APARELLO DE PERPIAÑO (DE CANTERÍA)

A obra está feita con sillares, pedras de forma

paralelepípeda, é dicir de xeito regular, que soen estar ben labrados e ben aparelados nas construción. Ex. Arquitectura grega.

ARCOBOTANTE

Tamén chamado botarel. *Palabra que procede do francés arc- boutant, e significa: arco que transmite. É un segmento de arco (arcos rampantes) que nacen na parte superior da nave central e que sobrevoan os tellados das naves laterais dunha construción.* Serven para transmitir o peso da bóveda central ata o contraforte. Pode haber dobre fieira de arcobotantes se a altura da nave central é moi grande. Serve tamén para conducir a auga de chuvia a través do canal escavado no seu extradós ata a gárgola. Aparecen a finais do século XII en L'Ile de France e son un elemento arquitectónico típico da arquitectura gótica.





ARCO


O arco é un elemento arquitectónico sustentante, polo xeral de forma curva, que cubre un van entre dous puntos fixos e sobre os que reparte o empuxe exercido sobre el. Está composto por dovelas e pode ter diversas formas:

➤ APUNTADO

tamén se chama oxival. Está formado por dous arcos de circunferencia con igual radio pero distintos centros equidistantes do punto central da recta que une os puntos de arranque e que ao cruzarse forman un ángulo. **É dicir, os dous segmentos de arco dos que consta, forman un ángulo.** Cando é moi apuntado chámase alancetado. Este tipo de arco é típico da arquitectura gótica.



ARCO DE FERRADURA. É o arco característico do mundo musulmán. É ultrasemicircular. Tamén é usado na arquitectura visigoda. O modelo musulmán é máis pechado e a liña do intradós e trasdós mantense paralela. Entre os exemplos de máis beleza está o do mihrab da *Mezquita de Córdoba*.



➤ ARCO DE MEDIO PUNTO

É o equivalente a media circunferencia. É un arco semicircular. É o máis habitual e empregouse nas construcións mesopotámicas, romanas, Idade Media, etc..




➤ **ARCO PERALTADO**

É un arco de medio punto cos laterais **prolongados**, onde a súa frecha (altura) é maior ca metade da súa luz (ancho). Polo tanto ten máis duelas nos laterais que un arco normal. Exemplos fermosos hainos na arte asturiana: *Santa María do Naranco*

Los arcos

El arco románico por excelencia es el de medio punto, que en ocasiones encontramos peraltado.



➤ **ARCO REBAIXADO**


É coma un arco de medio punto só que a **curva é inferior á media circunferencia**.



Atendendo á disposición do arco na construción fálase de: arco faxón e arco formeiro.

ARCO FAXÓN OU DE FAIXA

Emprégase este termo para designar a **aqueles arcos que se dispoñen de xeito transversal** al ó eixo da bóveda de canón co fin de reforzala. Tamén son denominados perpiaños. Exemplo; arcos faxóns da bóveda na nave central da catedral de *Santiago de Compostela*, ou os das construcións prerrománicas en Asturias...




ARCO FORMEIRO

Atendendo á disposición do arco na construción fálase de: arco faxón e arco formeiro. O formeiro é o **arco paralelo ó eixo lonxitudinal dunha nave**. É dicir o que separa a nave central da nave lateral nunha construción relixiosa




ARQUITRABE ou dintel

Significa *primeira viga*. É o **elemento horizontal que se apoia directamente sobre columnas ou outro elemento sustentante**. É a parte inferior dun entaboamento. O uso de arquitrabe indica que a construción é arquitrabada é dicir non ten cuberta abovedada, senón plana. Os templos gregos ou os exipcios son arquitrabados ou adintelados



ARQUIVOLTA do latín *archivolta*.

É cada un dos arcos que constitúen unha portada abucinada. Son propias da arquitectura románica e gótica. Solucionan o problema estético de abrir un van nun muro grosso. É un lugar moi decorado con motivos variados: florais, puntas de diamante, axadrezado, motivos zoomórficos ou como ocorre en Santiago de Compostela, figuras (vintecatros anciáns).





BAIXORRELEVO

É un tipo de relevo que sobresaí do fondo menos da metade do vulto. Tamén se chama relevo plano. Un exemplo é a Venus de Laussel



BASA

É a parte inferior dunha columna que está en contacto co chan e na que vai apoiado o fuste. A orde dórica carecía de basa pero non así a iónica e a corintia. A iónica está formada por un toro e dúas escocias separadas por filetes e a corintia por dous toros




BÓVEDA

É unha construción que cobre un espazo comprendido entre muros, pilares ou columnas.

Hai varios tipos:


➤ BÓVEDA DE ARESTA

É a resultante da intersección de dúas bóvedas de canón. É a bóveda característica da arte románica, serve para cubrir superficies cadradas e é moi pesada polo que esixe grosos muros. Exemplo: *naves laterais da catedral de Santiago de Compostela*.



➤ **BÓVEDA DE CANÓN**

É a orixinada polo desprazamento dun arco de medio punto sobre o seu eixo lonxitudinal. Utilizouse en Mesopotamia e os romanos foron mestres na súa construción. Caracterizou así mesmo ás construción románicas, onde se fixeron pétreas polo que foi preciso crear un sistema que




soportara o seu peso (muros grosos e contrafortes). Exemplo: *Santa María do Naranco*.

➤ **BÓVEDA DE CRUCERÍA**

É a bóveda característica do gótico e deriva da bóveda de arista románica. Neste caso está enxendrada por arcos oxivais ou apuntados e ten a vantaxe de ser máis lixeira e flexible, polo que a estrutura gótica non precisa de muros grosos para contrarrestar o seu peso. Exemplo : *Catedral de Notre Dame*

CANON

É a fórmula matemática (regra de proporcións) que establece a relación ideal entre as partes do corpo dunha figura en pintura ou en escultura. En Exipto a figura humana inscribíase en 18 cadrados; en Grecia Policleto estableceu a altura total en sete cabezas e Lisipo en oito.



CAPITEL

Procede do latín *caput*. É o remate máis ou menos decorado do fuste dunha columna, dunha pilastra ou dun piar sobre o que se asenta o arquitraba. Hai unha gran variedade de capiteis. a súa forma determina as ordes clásicas.

Na época grega creáronse o dórico, xónico e corintio; os capiteis grecorromanos foron empregados en distintas épocas da arte; en Exipto eran frecuentes os que reproducían a vexetación do Nilo, como o papiro ou o loto; en Bizancio estaba decorado coa técnica do trépano.

➤ **CAPITEL COMPOSTO**

O capitel composto é o remate da orde composta. E unha orde que foi creación dos romanos. Os romanos crearon a orde toscana e a orde composta. En proporcións e elementos compositivos é moi parecida a orde corintia. A diferenza é que a basa é máis rica en molduras e no capitel mestúranse ás volutas do xónico mailas

follas de acanto do corintio. As volutas van na parte superior e as follas na inferior do capitel.

➤ CAPITEL DÓRICO:

➤ CAPITEL XÓNICO:

➤ CAPITEL CORINTIO:


CIBORIO (CIMBORRIO)

É unha torre de planta cadrada ou octogonal situada sobre o cruceiro dunha igrexa para que **entre a luz**. No interior ten unha cúpula ou unha bóveda. Son abundantes na arquitectura románica e gótica. Exemplo o Ciborio da catedral de Santiago ou o de San Martiño de Frómista



CLAROSCURO

É unha técnica pictórica que xoga co contraste da luz e da **sombra**. Técnica pictórica que se serve dun forte contraste de luces e sombras, zonas iluminadas e zonas escuras, a fin de acentuar os volumes e resaltar a profundidade.



CLAVE (CLAVE):

Do latín *clavis*, chave. É a **peza superior dun arco**. Tamén é a parte central dunha bóveda. Exemplo: *catedral vella de Santiago de Compostela* onde aparecen representados o sol e a lúa.

